

# SAN FROILÁN, DÍA 11: RUADA CON *NUNCA MÁIS*

Xa que os de Lugo, por primeira vez desde que empezou este movemento de dignidade colectiva, imos ser protagonistas do *Nunca Máis*, permítasenos que, rompendo o deseño usual da folla e afastando o centro estricto de atención do barco afundido e a costa luxada, utilizemos este número 33 para convocar e animar a cidadanía a mostrar que non esqueceu, que non cabe o engano despois do vivido, que seguimos ofendidos e atentos. Pero tamén, no mellor da que xa é tradición lúdica das nosas demostracións, a facer ostentación de humor e alegría, a deixar patente, en suma, que os galegos sabemos o que é facer unha festa.

Quixemos que no programa oficial do San Froilán houbera un Día do Mar, ofrecemos a idea e xestións realizadas. Quen tiña que responder ao ofrecemento, rendibilizar o noso traballo e, en suma, posibilitar que a iniciativa se plasmase, dixo **NON**. Ben, pois non por iso imos renunciar a todo o soñado e proxectado. Non se amosarán ante os lugueses os oficios tradicionais da Galicia mariñeira nin se exhibirán en vía pública embarcacións reais que constitúen expoñentes únicos do noso patrimonio etnográfico e mesmo antropolóxico. Non se realizarán mostras paralelas nin percorrerán as rúas do centro de Lugo agrupacións artísticas do noso litoral. Pero promovemos unha xornada festiva de troula e repinique que ao mesmo tempo supoña desagravio ao noso mar aínda ferido e sen moita traza de que se lle vaia aplicar o tratamento adecuado.

Seguimos aquí, pedindo solucións, medidas, responsabilidades. Ímolo demostrar facendo festa. O día 11, sábado, en Lugo, lucide as camisetas da bandeira negra, as chapas, as pegatinas. Trouleade, cos gaiteros e grupos musicais e, contra as oito da tarde, achegádevos ata a Praza Maior.

